



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO MUNICIPAL CELEBRADA O 16 DE MAIO DE 2021

En Laxe, sendo as 14:00 horas do día 16 de maio de 2021, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria e urxente, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dna. Raquel Lema Allo (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)

Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)
Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)
Don Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Antes de dar comezo o Pleno, a Corporación municipal garda un minuto de silencio polo falecemento do concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Manuel Mouzo Castiñeira.

Seguidamente, procédese a, deliberar sobre a seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL POLO FALECIMENTO DE JOSÉ MANUEL MOUZO CASTIÑEIRA

Ratifícase por unanimidade a urxencia da sesión e como testemuño da dor do pobo de Laxe, por tódolos concelleiros presentes na sesión, ACÓRDASE:

Declarar tres días de loito oficial no municipio de Laxe con efectos dende as 00:00 horas do día 17 de maio de 2021 ata as 23:59 horas do día 19 de maio de 2021, durante os cales as bandeiras en todos os edificios municipais ondearán a media hasta.

O alcalde informa a tódolos concelleiros do encargo dunha coroa de flores a nome da Corporación.

Por decisión unánime dos membros do Pleno acordan non cobrar a asistencia a esta sesión.

Rematado o obxecto da presente sesión, o sr. alcalde da por finalizada, sendo ás 14:05 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, extendéndose por min secretaria, a presente acta asinando a continuación e neste momento e conmigo o



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Ilmo. Sr. Alcalde-presidente para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.